

[Inicio](#) > [Institucional](#)

Venres, 04 de marzo do 2011

O Grupo de Ecoloxía e Evolución das Plantas estrea dous novos vídeos**Novas tecnoloxías ao servizo da divulgación científica**

Os investigadores destacan a necesidade de transmitir á sociedade os resultados do seu traballo

M. Del Río | Vigo

Que a transferencia de coñecemento sexa unha das finalidades da investigación universitaria é unha premisa que xa teñen interiorizada todo os grupos de investigación, pero son moitos os xeitos de levala a cabo. O **Grupo de Ecoloxía e Evolución das Plantas** optou pola divulgación científica a través de vídeos que eles mesmos realizan e que lles valeron o recoñecemento dun dos galardóns máis importantes a nivel internacional no eido da divulgación, o premio do público que outorga a revista The Scientist.

Cos folgos que esta distinción lles achegou comezaron hai seis meses a traballar en dúas novas pezas audiovisuais para o seu uso divulgativo e docente. Todo este material prodúcese no seo de **Divulgare**, un equipo de traballo xurdido no seo do propio grupo de investigación co fin de achegar os contidos científicos ao público en xeral, creando materiais entendibles e accesibles, pero tamén atractivos para todo tipo de persoas e colectivos. Luis Navarro, director do grupo, aposta forte por este compromiso coa visibilización da ciencia, "é a nosa obriga, porque traballamos na administración pública, e debemos dar a coñecer o que facemos, que os resultados do noso traballo cheguen á sociedade" e avoga porque sexa de xeito

gratuito e público a través das ferramentas que internet ofrece.

Desta volta, os lagartos deixan o papel protagonista, tras facerse co premio de The Scientist, ás algas e aos visións americanos, para presentarlle ao público por unha banda a estratexias adaptativas a través da bioluminiscencia da algas *Noctiluca scintillans* e por outra o perigo de animais invasores como o visón americano.

Alarma contra ladróns

Implicados coas novas tecnoloxías, dende Divulgare decidiron subirse ao carro do 3D para explicar como algas **microscópicas como a *Noctiluca scintillans*** emprega a súa capacidade para brillar como mecanismo de defensa. "O 3D é a mellor opción para recrear situacións cando non contas con orzamentos como os da BBC", explica Navarro, e para iso contan coa axuda de tres infografistas. Grazas ao seu traballo, en especial o de Iván Rodríguez Arós, "traballo como este están sendo moi ben valorados nos foros de infografistas profesionais", apunta.

A *Noctiluca scintillans* é un microorganismo que produce bioluminiscencia e, ao ser inxerida polos seus depredadores (pequenos crustáceos como os cepépodos, de corpo transparente) fan que estes tamén brillen, volvéndose máis chamativos para os seus propios depredadores. Esta é unha estratexia que os científicos denominan "alarma contra ladróns", de modo que "o inimigo do meu inimigo sexa o meu amigo".

A outra novidade de Divulgare é unha **animación en Flash** na que presentan a ameaza do visón americano, mustela visón, para os ecosistemas propios nos que habita o visón europeo, mustela lutreola, a especie autóctona. Segundo explican, a man do home está detrás da introdución desta especie, ben sexa intencionada ou accidentalmente, e poñen de manifesto a dificultade da súa erradicación. Traídos a Europa a granxas para poder comercializar a súa pel, acaban invadindo os ecosistemas desprazando ao visón local, pero tamén afectando a outras plantas e animais. Ambas poboacións compiten polos mesmos alimentos e, sendo o americano máis grande e agresivo, acaba desprazando ao europeo. Este desprazamento afecta a outras especies de maneira indirecta, e poñen en relevo o perigo que representa en ecosistemas insulares.

Novas liñas de traballo

Con estes dous vídeos xa publicados, o grupo está comezando a traballar en outras dúas pezas audiovisuais. Un delas, encargada por Parques Nacionais, amosará o ecosistema das praderías submarinas de poseidonia, unha herba acuática que se da na illa balear de Cabrera. Por outra banda, e seguido coas Illas Atlánticas, comezarán un vídeo, "como segunda parte do dos lagartos", para poñer de manifesto a introdución de animais domésticos nestas contornas de fráxil equilibrio.

Os vídeos, editados en varios idiomas, están financiados polo FECYT e por Parques Nacionais, organismo este último ao que Navarro recoñece a súa forte aposta neste proxecto e "sen os que non poderíamos estar facendo esta labor divulgativa gratuitamente".